

Xoves 9 de Xuño 2022, 20.00
Castroverde - Igrexa de Santa María en Vilabade

Felix Vogelsang, violonchelo
Concentus Lucensis
Ismaele Gatti, órgano positivo
Stefano Molardi, dirección

Johann Ludwig Bach (1677-1731)
Das ist meine Freude, JLB 28
Para 8 voces e baixo continuo

Jan Pieterszoon Sweelinck (1562-1621)
Salmo 150 «Or soit loué l'Éternel»
Para 8 voces e baixo continuo

Francisco Guerrero (1528-1599)
Ave, virgo sanctissima
A 5 voces

Johann Sebastian Bach (1685-1750)
Suite nº 2 en re menor para violonchelo só, BWV 1008
Preludio, Alemanda, Corrente, Zarabanda, Minueto I e II, Xiga

Francisco Guerrero (1528-1599)
Virgen santa
A 5 voces

Johann Sebastian Bach (1685-1750)
SingetHerrn ein neues Lied BWV
Para 8 voces e baixo continuo

Organizan:



Lucense
Eucharisticum
Centrum

Colabora:



CONCELLO DE
CASTROVERDE

Ó son de Santa María



Xoves 9 de xuño de 2022, 20.00 h
Castroverde - Igrexa de Santa María en Vilabade



Felix Vogelsang

violonchelo

Nado en 1975 en Paderborn (Alemaña), estudou co mestre Wick na renomeada Universidade de Música de Hannover. Sobresaíu na súa titulación de solista co *summa cum laude*. Un programa xunto cunha beca do estado de Niedersachsen permitiulle traballar como asistente do mestre Wick durante tres anos. Logo de gañar experiencia orquestral na European Union Youth Orchestra, na Detmolder Kammerorchester e na Radiophilharmonie des NDR de Hannover, recibiu apoio para realizar proxectos como solista ademais dos seus abundantes compromisos como músico de cámara xunto a artistas como Mstislav Rostropovich, Anner Bylisma, Boris Pergamenschikov e Sir Colin Davis. A súa carreira levouno por toda Europa, Chile, Sudáfrica e Estados Unidos, onde realizou o seu debut na cidade de Nova York en 2002 co pianista Christopher Cooley no Alice Tully Hall. Na primavera de 2005 tocou como solista coa Deutsches Kammerorchester na Philharmonie de Berlín baixo a batuta de Markus Poschner. É convidado regularmente a festivais coma o Festival Braunschweig Classix, o Vinschgauer Musikwochen, o Festival de Chaillol ou o Ceresio Estate, entre outros. Felix Vogelsang foi galardoado na Competición Interna-

cional D. Shostakovich (terceiro premio), na Competición Internacional de Violonchelo de Liezen (Austria, primeiro premio), na competición Junge Ensembles Musizieren (premio especial) e no Festival de Pietany (Eslovaquia, primeiro premio e premio do público). Foi durante nove anos membro do Erasmus Trio (trío de piano) e máis adiante do Hannover String Quartet. Como membro fundador do Energie Nove String Quartet gravou para a televisión nacional suíza así como varios CD coas obras para cuarteto de Prokofiev, Smetana e Janaček. En colaboración co famoso violinista Vladimir Mendelssohn gravou os dous quintetos de corda de Johannes Brahms. Todas estas gravacións foron moi eloxiados pola prensa internacional. Vogelsang foi asistente do violonchelo principal na Orchestra della Svizzera Italiana dende 2004, e director artístico do festival Note di Primavera en Ronco sopra Ascona dende 2020. Como membro do PE-Förderungen toca cun violonchelo de Don Nicolo Amati de 1730. Sir Bernhard Haitink: «Felix Vogelsang é un sobresaínte chelista da súa xeración, as súas interpretacións están cheas de fantasía e, aínda así, sempre serven ás ideas do compositor».

Stefano Molardi

dirección



Nado en Cremona en 1970, graduouse en órgano e clavicémbalo. Ademais realizou un grao (obtendo a máxima cualificación) en Musicoloxía na Universidade de Cremona presentando unha tese sobre *La Nativité du Seigneur* de Olivier Messiaen. Realizou os seus estudos con Kooiman, Stembridge, Vogel e Tagliavini, complementando a súa formación en clases maxistras con M. Radulescu na Hochschule für Musik en Viena entre 1996 e 1999. Colaborou con Radulescu ao baixo continuo na Académie Bach en Porrentruy (Suíza). Recibiu o primeiro premio na Competición Internacional de Órgano de Pasian di Prato (Udine), e no Concurso Nacional Città di Viterbo. Foi tamén premiado noutras competicións nacionais e internacionais, incluíndo Bruxas (Bélxica) e a prestixiosa Paul Hofhaimer de Innsbruck. Logo, completou a súa formación no campo da música de conxunto e dirección con Pierangelo Gelmini e Andrea Marcon. Tanto como solista como continuísta, Molardi é un intérprete activo e participou en importantes festivais de música en Italia (Musica e Poesia in S. Maurizio, Teatro La Fenice, Venecia) e noutros países europeos (Ámsterdam, Concertgebouw, Utrecht, Rotter-

dam, Barbican Centre de Londres), e tamén nos Estados Unidos (Walt Disney Concert Hall de Los Angeles, Jordan Hall de Boston, Carnegie Hall de Nova York), Brasil (Sala São Paulo). Molardi ensina órgano, clavicémbalo e música de cámara na Escola Universitaria de Música de Lugano (Suíza). Imparte clases maxistras e conferencias sobre música barroca en Suíza, Hungría, Italia, Alemaña, España e Xapón. Ten, ademais, unha completa axenda de concertos, aparecendo en numerosos festivais nacionais e internacionais, tanto en Italia coma noutros países europeos: Festival Internacional de Payerne (Suíza), Wiener Orgelkonzerte (Austria), Europäische Orgelmusik Nürnberg, Festival C. Monteverdi de Cremona, Festival Treviso, Musica e Poesia in S. Maurizio, Festival Internacional de Maastricht, Arnstadt, Gräfenhain, Magadino, Tokio, Zaragoza e Xénova, entre outros. Entre 2005 e 2013, Molardi dirixiu a agrupación I Virtuosi delle Muse. Como director interpretou: a ópera *Ademira* de Lucchesi (Bibbiena, Italia, decembro de 2006), *Mitridate* de Porpora (Teatro de Valladolid, España, marzo de 2007), a *Pasión segundo San Mateo* e a *Pasión segundo San Xoán* de Bach (igreja de S. Cristoforo, Ferrara, abril de 2007), *Mag-*

nificat (Ferrara, igrexa de S. Giorgio), *Farnace* e *Giustino* de Vivaldi (Theater an der Wien en Viena e en París, Teatro dos Campos Elíseos), concertos en Bilbao, Viena (Theater an der Wien), Oldenburg, Cremona (Festival Monteverdi), Rheingau, Nantes, Orleáns, Múnic, Innsbruck, París, Schwetzingen, Montpellier, Venecia, Miami, Estambul e outros. Gravou para Christophorus, Tactus, Divox e Deutsche Grammophon. Pola súa última gravación, Molardi recibiu moitas valoracións positivas

dos críticos musicais (Amadeus, Early Music) e importantes premios internacionais (cinco «diapasóns» do xornal francés, cinco estrelas Goldberg). Tocou en 2008 e en 2009 en Lugano as obras completas para órgano de C. Franck e F. Liszt. Gravou en 2013 as obras completas para órgano de J.S. Bach, en quince CD para a discográfica Brilliant Classics, en órganos históricos en Alemaña. En 2015 a súa gravación de J. Kuhnau recibiu o premio Deutsche Schallplatten.

Concentus Lucensis



O Concentus Lucensis é un grupo vocal nado dos fecundos encontros artísticos que teñen lugar durante as edicións do Festival Internacional de Órgano e do Curso de Música Litúrxica do Corpus Christi de Lugo. Os seus compoñentes son os mestres e solistas principais do coro lucense Solo Voces, do Orfeón Lucense e

do Gruppo Vocale S. Bernardo, agrupación que desenvolve a súa actividade principal entre Saronno (Italia) e Lugano (Suíza). O Concentus Lucensis canta principalmente a partes reais, é dicir, cunha soa persoa para cada parte vocal, abordando un extenso repertorio, cunha predilección particular pola polifonía renacentista.

Venres 8 de Xullo 2022, 20.00
Castroverde - Igrexa de Santiago

Son de Corda
Grupo vocale S. Bernardo
Quartetto di Brescia

*Emanuele Quaranta, Stefano Belotti,
Alberto Pedretti e Fabio De Cataldo, trombóns*

Nicolás Varela, órgano positivo
Giulio Mercati, director

Jacob Handl (1550-1591)
Sapientiam omnium
A 12 voces

Biagio Marini (1663-2013)
Canzona a 4
Para cuarteto de trombóns

Giovanni Pierluigi da Palestrina (1525-1594)
Tu es Petrus
A 6 voces

Giovanni P. da Palestrina (1525-1594)
Sicut cervus
A 4 voces

Luca Marenzio (1554-1599)
Sepelierunt Stephanum
Para cuarteto de trombóns

Luca Marenzio (1554-1599)
Super flumina
A 12 voces

Max Reger (1873-1916)
Nachtlied, op. 138 nº 3
A 5 voces

Tomás Luis de Victoria (1548-1611)
O quam gloriosum est regnum
A 4 voces

Samuel Scheidt (1587-1654)
Canzon Cornetto
Para cuarteto de trombóns

Giulio Mercati (1971)
Santa María, strela do día
A 7 voces

Anónimo, Catedral de Lugo (1760)
Magnificat
A 4 voces

Luca Marenzio (1554-1599)
Chi vuol udir
Para cuarteto de trombóns

Hieronymus Praetorius (1560-1629)
Tota pulchra es
A 12 voces

Organizan:



Lucense
Eucharisticum
Centrum

Colabora:



CONCELLO DE
CASTROVERDE

Ó son de Santa María



Venres 8 de xullo de 2022, 20.00 h
Castroverde - Igrexa de Santiago



Son de Corda

O cuarteto vocal Son de Corda ten vocación de facer tanto música a capella coma con acompañamento instrumental, ben sexa dun instrumento acompañante ou dunha agrupación. Piar básico do noso cuarteto e o de ter un amplo repertorio lusófono (galego, portugués, brasileiro...) e para iso estamos en contacto con compositoras/es e arranxistas, para «actualizar» a nosa música medieval, tradicional e de autor/a. Tamén nos guía para o noso traballo a utilización dos instrumentos históricos do noso país

(órganos e reproducións dos instrumentos dos pórticos das catedrais galegas), para a difusión da música feita para eses instrumentos. Son de corda somos unha formación relativamente nova, xa que aínda non hai dous anos que empezou a nosa andaina. Demos varios concertos na cidade de Lugo e A Coruña. O noso último concerto foi a participación no ciclo de música sacra «Ó son de Santa María» en Vilabade (Castroverde) compartindo programa co organista italiano Giulio Mercati.

Gruppo vocale S. Bernardo



O Gruppo vocale S. Bernardo foi fundado en 1995, tendo como finalidade primaria a animación musical para a liturxia. Giulio Mercati é o director da agrupación dende a súa fundación. En 1999, a formación comezou a realización de concertos, mantendo, porén, tamén nestas ocasións, a súa invitación á meditación e á oración a través da música. Co paso do tempo, o coro transformouse nun grupo de cámara que aborda con poucos elementos e a miúdo a partes reais, un repertorio moi extenso e complexo que se

estende dende os cantos ambrosianos ata á polifonía renacentista, dende a literatura do século XIX, ao repertorio do XX. A formación gravou o seu primeiro disco en 2018 para Tactus, produción adicada integramente ás obras de Giulio Mercati. O Gruppo Vocale S. Bernardo presta servizo no Santuario della Beata Vergine dei Miracoli e na igrexa de S. Francesco, en Saronno, e na igrexa de S. Maria degli Angioli en Lugano, con concertos e liturxias. A súa actividade é intensa e prezada.

Quarteto di Brescia



O Quartetto di Brescia, coñecido previamente coma Mascoulisse Quartet, renaceu no verán de 2020 como signo de determinación, resiliencia e forza cando catro ben establecidos trombonistas da cidade de Brescia, no norte de Italia, sentiron a necesidade de facer homenaxe á súa cidade que pagou un gran tributo á pandemia do Covid-19. Co desexo de melloralas e axudala nos desafíos sociais, culturais e artísticos que ten por diante. Polo tanto o Mascoulisse Quartet —Stefano Belotti, Fabio De Cataldo, Alberto Pedretti e Emanuele Quaranta, quen se graduaron como trombonistas coa máxima nota no Conservatorio Luca Marenzio en Brescia— cambiou o seu nome a Quartetto di Brescia, pero non a súa esencia de facer música que, por máis de dez anos, transmitiu ao público de Italia, Europa, Estados Unidos, Hong Kong, Macau e Omán. Sempre con programas innovadores, actuando como solistas, con orquestras e bandas ou en diferentes formacións, incluso en octetos de trombóns. O cuarteto conta con colaboracións con artistas internacionais, coma os trombonistas Stefan Schulz (Berliner Philharmoniker), Michel Becquet, Christian Lindberg, Vincent Lepape; a soprano Eleonora Buratto;

o dúo de piano BiondiBrunialti; o organista Giulio Mercati e recentemente co trompetista Andrea Giuffredi. O Quartetto di Brescia interpretou nalgúns dos máis importantes festivais de música e auditorios do mundo coma a Royal Opera House en Muscat, Y-Theatre en Hong Kong, Spectrum Concert Hall en Nova York, Koufonisia Classical Music Festival, Klassisk Musik Festival en Horsens, Società del Quartetto di Milano e moitas outras. Apareceron como invitados na principal emisora de radio italiana Rai Radio 3 e en Onda Cero de España. Publicaron varios CD (*Onde Antiche e Moderne*, *Masterbrass IV Live* e *Between Earth and Heaven* de Aurelio Canonici) e a serie *Bach for All* con Aldebaran Editions. O cuarteto gañou numerosos premios internacionais e dende 2011 organiza o Masterbrass Festival, tomando o triplo rol de mestres, organizadores e solistas mentres dan hospedaxe e tocan xunto con algúns dos mellores intérpretes de metal do mundo. Ademais, realizan frecuentemente seminarios e clases maxistras en conservatorios italianos. En 2017 fundaron a Masterbrass Academy, unha escola para intérpretes de metal que instrúe a novos talentos a través de innovadores métodos de ensinanza.

Sábado 16 de Xullo 2022, 20.00
Castroverde - Igrexa de Santa María en Vilabade

Solo Voces
Fernando Gómez Jácome, director
Giuseppe Nova, frauta
Giulio Mercati, órgano positivo

Georg Friedrich Händel (1685-1759)

Dank sei dir, Herr
Para frauta, coro e órgano

Anton Bruckner (1824-1896)

Locus iste
Para coro a capela

Johann Sebastian Bach (1685-1750)

Sonata en do maior
para frauta e baixo continuo, BWV 1033
Andante-Presto, Allegro, Adagio, Minueto,
Minueto

Jehan Alain (1911-1940)

Misa Modal
Kyrie, Gloria,
Sanctus-Benedictus, Agnus Dei
Para frauta, coro e órgano

Jouzas Naujalís (1869-1934)

In monte oliveti
Para coro a capela

Carl Philipp Emanuel Bach (1714-1788)

Sonata «Hamburger»
para frauta e baixo continuo
Allegretto, Rondo

Xoán Montes (1840-1899)

Misa na honra do Apóstolo Santiago
(fragmentos)
Kyrie, Gloria,
Sanctus-Benedictus, Agnus Dei
Para coro e órgano

Xoán Montes (1840-1899)

Genitori genitoque
Para coro a capela

W. A. Mozart (1756-1791)

Ave Verum corpus
Para coro e órgano

Johann Sebastian Bach (1685-1750)

Jesu bleibet meine Freude
Para frauta, coro e órgano

Organizan:



**DIOCESE
DE LUGO**



Lucense
Eucharisticum
Centrum

Colabora:



**CONCELLO DE
CASTROVERDE**

Ó son de Santa María



Sábado 16 de xullo de 2022, 20.00 h
Castroverde - Igrexa de Santa María en Vilabade



Giuseppe Nova

frauta

As interpretacións de Giuseppe Nova foron enxalzadas en publicacións internacionais. O Washington Post chamou as súas interpretacións «encantadoras». Outros críticos escribiron: «brillante interpretación... un extraordinario sentido musical» (Il Giornale); «unha máxica mostra de virtuosismo» (Gazzetta del Sud); «Arte musical na súa perfección» (Nice Matin, Francia); «un diálogo levado con xenialidade» (Nürtinger Zeitung, Alemaña); «un estilo propio» (Secolo XIX); «simplemente divino...» (Concert Reviews UK); «refinada musicalidade» (The Sunday Times Malta); «Canino e Nova para unha velada de fortes emocións... a habilidade, ademais, a clase dos dous artistas» (Mensile della Lombardia); «sobrio, encantador e elegante, decidido a

baleirar, coma se se tratase dunha cornucopia, a súa frauta das perlas musicais que contén» (HubCulture); «o público aplaudiu durante moito tempo aos intérpretes principais, Maxence Larrieu e Giuseppe Nova, enfoque de admirable calidade cunha fluída e doce interpretación» (L'Arena di Verona). Graduouse no Conservatorio de Turín e no Conservatorio Superior de León onde estudou co celebrado Maxence Larrieu. Foi descrito coma un dos máis destacados frautistas italianos da súa xeración, Nova, fixo o seu debut como solista en 1982 coa Orquestra Sinfónica da RAI. Isto marcou o comezo dunha brillante carreira que o levou ás salas de concertos máis prestixiosas de Europa, Estados Unidos e Asia (Xapón, Tailandia, China, Corea e

Singapur). É solista con varias orquestras coma a Prague Virtuosi, Orquestra do Teatro Nacional de Praga, Camerata Bohemica, Orquestra da Arena di Verona, Real Orquestra de Cámara de Wallonie, Ensemble de Tokio, Orquestra de Cannes Côte d'Azur, Filharmónica de Turín, Tübinger Kammerorchester, Filharmónica de Tailandia, Orquestra Sinfónica de Bohemia Occidental, Orquestra de Chesapeake, Orquestra Sinfónica de Astana, Orquestra Sinfónica de Sanremo, Orquestra Filharmónica Morava, en prestixiosas salas e festivais, coma os Suntory Hall, Kioi Hall e Hamariky Hall en Tokio, Parco della Musica de Roma, Sala Dvorak e Rudolfinun en Praga, Lotte Concert Hall e Centro das Artes de Seúl, Teatro Filharmónico en Verona e Serate

Musicali en Milán. Ensinou na Academia de Pescara, na Academia das Artes en Roma, na Escola de Saluzzo e visitando artistas no St. Mary's College de Maryland, EUA. Realizou numerosas gravacións, algunhas delas coa Camerata Tokyo e Universal. Giuseppe Nova recibiu o Premio Internacional de Música de Cámara en Kioto, interpretou no G20 na Cidade de Guatemala, recibiu en Praga o European Award for Artistic and Cultural Activities e en 2018 foi nomeado BMIMF Best Artist no Festival Internacional Korean Busan Maru. Foi convidado ao Conservatorio de Lausana e ao Conservatorio Superior de León como tribunal para licenciaturas e mestrados en graos artísticos. Agora é mestre no Conservatorio de la Vallée d'Aoste.

Grupo Vocal Solo Voces



Foi fundado en Lugo no ano 1992 polo seu actual director, Fernando Gómez Jácome, coa idea de facer repertorio a capela por un lado de arranxos de música moderna e por outro da interpretación da música antiga. Co tempo converteuse nun coro de cámara que lle permitiu acceder a outro tipo de repertorio, especializándose na recuperación da música vocal galega, tanto a capela como colaborando coas principais orquestras galegas: Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Vigo 430, e outras formacións como a Orquestra clásica de Xove ou o Orpheon Consort de Viena e instrumentistas como os organistas Juan de la Rubia, Arturo Barba, Inge Beck, Ulrike Northoff, Gabriele Giacomelli e Giulio Mercati. Tamén ten investigado e realizado en concertos repertorios dos arquivos de música da Catedral de Lugo e do Seminario Diocesano de Lugo, esencialmente de músicos locais como Xoán Montes e Juan Antonio Moreno Fuentes. Ten participado en Festivais de Música como o IX Certame de Música Sacra de Ourense, diversas edicións da Semana de música do Corpus lucense e do Festival de Órgano do Corpus Christi de Lugo, VII Bienal de polifonía regional autóctona (Cangas de Onís), II e VI Ciclo de Música

Sacra de São Pedro de Rates (Portugal), Temporada de Música Antiga no Douro en Lamego (Portugal). Tamén destaca a participación no II Festival de música de Compostela e os seus camiños Via Stellae e no Ciclo de música vocal de Espazos Sonoros, que o consolida como unha agrupación de peso no panorama musical galego.

Fernando Gómez Jácome iniciouse na música con Xosé Castiñeira á idade de 14 anos. Aínda que a súa formación musical é basicamente autodidacta formouse en dirección coral con mestres nacionais e internacionais como Manel Cabero, Javier Busto, Julio Domínguez, Carl Høgset ou Fernando Eldoro, e en técnica vocal con Antón de Santiago, Montserrat Pueyo, Kevin Smith, entre outros. Ten impartido seminarios, cursos e obradoiros de música coral na Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña e para outras institucións. Nos últimos anos forma parte do equipo docente do Curso de Música Litúrxica do Corpus Christi de Lugo. No 1992 fundou o grupo vocal Solo Voces e na actualidade dirixe varias formacións corais na cidade de Lugo.